



sen título

Paco Rocha, Santiago de Compostela, 1978. Fotógrafo profesional de formación autodidacta, leva traballado para axencias de publicidade e medios de comunicación de todo o país dende o ano 1995. Dende 2007 dirixe a súa propia empresa, «Paco Rocha Fotografía». O seu labor como fotógrafo abarca os máis diversos campos de traballo. Fotógrafo que coída a división do seu traballo máis persoal do que realiza para os seus clientes. O continuo uso das técnicas de fotografía clásica e dos seus materiais para o seu traballo persoal fai que poida dotar as súas imaxes da paixón que sente polo medio fotográfico.

MASA LÍMITE CAOS. Centro Sociocultural das Fontiñas, Santiago de Compostela, do 4 ao 30 de novembro. Decido incorporarme á natureza máis próxima, mirala para reconciliarme con ela, como

ser humano, como agresor. Ela agradéceme devolvéndome ao meu estado animal, mostrándome a beleza do caos natural. Non podo deixar de ver formas entre os recunchos. As masas vexetais cos seus límites e cores difusas conforman unha paisaxe desordenada na que o natural é o caos, entendido dende a perspectiva humana, a esa beleza de caos natural nós chamámoslle «orde natural» nesa teima do ser humano de ordenalo todo, cando o natural é o caos. Cando as masas ao límite atopan o caos, o meu estado animal atopa a calma.

Masa: f. Gran conxunto de xente que polo seu número pode influír na marcha dos acontecementos. Límite: m. Extremo que poden alcanzar o físico e o anímico. Caos: m. Estado amorfo e indefinido que se supón anterior á ordenación do cosmos.



A Deusa Atlántica

Xosé Luís Vázquez Iglesias. Ourense, 1945 - 2007. Médico de recoñecido prestixio, afeccionado á fotografía dende a infancia. Realizou exposicións individuais en varias cidades de España —entre as que destaca «A deusa Atlántica», dedicada á Torre de Hércules, un dos seus amores—, así como unha colectiva en Lisboa. Acadou 40 premios en concursos e certames fotográficos. Autor do libro de fotografías e poemas *Costa da Morte. Paisaxe viva*. Publicou varios Portfolios na revista *Foto*. Foi colaborador fotográfico e literario de *El Ideal Gallego* no suplemento dominical «La Galería». Fotógrafo realista, namorado da natureza, especialmente en dous momentos claves de cada día: o amencer e o solpor, os que fotografaba.

CATRO ESTACIÓNS, MIL CORES. Centro Cultural do Ensanche, Santiago de Compostela, do 4 ao 30 de novembro. Mostra a grande variedade cromática que ten Galicia ao longo do ano. Esta diversidade, sen dúbida en directa relación co seu clima atlántico, pódese comprobar na súa plenitude nas catro estacións do ano, tanto no interior como na costa. Nestas fotografías hai imaxes familiares xunto a outras menos coñecidas. Todas son Galicia sen ningún tipo de mestura.



sen titulo

Luisa Lorenzo. Pousada, Maside, Ourense, 1965. Fotografía autodidacta na súa máis ampla expresión. Cursou en Ourense estudos de deseño con fins industriais, ramo da ouriveiría. Forma parte da Agrupación Fotográfica O Potiños do Carballiño. Leva realizadas exposicións en varios centros comarcais de Galicia, entre eles na Ulloa, Trives, Salnés, Tabeirós e no de Paradanta, asemade nos concellos do Carballiño, Leiro, Boborás, Piñor, Maside e no CHOU de Ourense. Participa por quinto ano consecutivo no Outono Fotográfico.

UN INTRE DO PRESENTE NO PASADO. Centro Sociocultural José Saramago de Vite. Santiago de Compostela, do 4 ao 30 de novembro
Unha serie de fotografías onde a autora amosa mundos distintos unificados nunha mesma imaxe. Un chisco, un instante, uns segundos do que acontece neste mesmo momento ao pé do pasado que foi e aínda perdura. Un salto cuantitativo no tempo que nos obriga a pensar, en esencia é o paso do tempo que non perdoa. Foi para ben ou para mal???
Busca que cada quen interprete as fotografías ao seu xeito, que vexa as imaxes á súa maneira, xa que todos non vemos, nin sentimos, nin apreciamos, nin percibimos as mesmas cousas da mesma maneira.



Esperanza

Alba Colino Expósito. Carabanchel, Madrid, 1986. «Eu, Alba Colino Expósito, natural de Carabanchel, na capital do Estado, nacín hai un cuarto de século nunha familia coma outra calquera. O meu pai transmíteme a capacidade da imaxe para narrar sen ter que utilizar outra cousa que unha Minolta analóxica máis un carrete. Emigrada hai tres anos a Galicia entendo a fotografía como un dos instrumentos máis impactantes á hora de chamar a atención da xente, sempre cunha liña social claramente identificable. Na actualidade quedame un ano para recibir o meu diploma de Graduada en Comunicación Audiovisual pola facultade de Pontevedra. Agora teño que pensar para que podo usalo. Ao marxe do ámbito formativo traballo tanto a fotografía como o vídeo en canto situación me poda parecer de interese (xornalismo, ficción, etc etc), pois realmente é algo do que disfruto sen outra finalidade que a de mirar, captar e contar.

MULLERES. Centro Sociocultural Conxo, Santiago de Compostela, do 4 ao de 30 novembro. As mulleres marroquís, bérberes, e en xeral, as africanas, teñen tres trazos comúns: a invisibilidade que lles precede, xeradora da anulación da súa identidade e levada a cabo mediante a imposición dunha cultura arraigada ao máximo no paternalismo e a desigualdade do xénero. En segundo lugar, e novidoso, transmiten esperanza, que ven fomentada pola xuntanza paulatina de dous instrumentos de recente actualidade, a formación máis o acceso á información. E por último, en consecuencia do mercantilismo imperialista dominante, sofren os mesmos métodos de manipulación que palpamos en Occidente —construción desmesurada, subida do nivel de vida, publicidade e censura mediática—. Coa diferenza de se ver inmersas nunha precariedade provocada pola supremacía do capital xunto coa falta de ética das elites máis poderosas.




Illa Lobeira

Mercedes López Rubín. Ourense. Fotógrafa autodidacta. Aliméntase de tutoriais e teoría que atopa investigando por diferentes medios. É creadora de «Tres Trisqueles», fotoblog que mantén na rede dende hai tres anos, sendo a súa plataforma de exposición. A paisaxe é a súa maior fonte de inspiración. Forma parte da Agrupación Fotográfica O Potíños de Carballiño. Este é o seu primeiro Outono Fotográfico.

OLLOS SALGADOS. Centro Sociocultural O Castiñeiríño, Santiago de Compostela, do 4 ao 30 de novembro. Ollos salgados é unha recompilación de recortes da costa galega impregnados de historias

incontables, de mariñeiros, de galernas... Esta mostra fotográfica ten a intención de amosar algúns deses recunchos da nosa xeografía galega que esconden maxia, beleza e o labor de crear un camiño de luz ao través dunha senda de rochas, vento e sal...



fotografías de J.L. Diz

"Inverno no parque do Carballiño"

Colectiva de O Potiños: Hector Guzmán, J.L.Diz, Juan Rúa, Luisa Lorenzo, Manolo Celta, Mila Fernández,

Comentario: Un recorrido por o parque do Carballiño en pleno inverno. Os fotógrafos-camiñantes recollen nunha serie de imaxes toda a quietude do entorno natural desta vila ourensá ó tempo que as follas mortas das árbores fan de alfombra e os musgos do inverno danlle ese contraste de colorido verde, misturado cos amarelos e bermellos de algunhas especies de árbores foráneas. É a propia esencia do parque en contraste co verán e puntualmente ca celebración da Festa do Polbo.